




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costas de Traba e Vilán. Municipio: Camariñas. Parroquias: Santa María de Xaviña. Extensión: 2,58km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

- Paisaxe influenciada polas liñas de debilidade tectónica propias dos dislocacións nos granitos hercínicos galegos. Enseada areosa con praias, dunas e manto eólico, pero con tramos rochosos nos laterais formados por cantís baixos de escasa inclinación seguidos de estreita chaira costeira que se inclina progresivamente. O norte da unidade conta cun perfil máis inclinado. Pechan a unidade puntas contrastadas: ao norte, Cabo Veo, unha gran crista rochosa que se precipita en potente cantil; ao sur, a Punta do Boi, chaira costeira aplanada con relevos graníticos residuais e un gran campo de bloques. Interior da enseada con cordón de duans que dá paso a un campo de dunas remontantes que perden forza e espesor na vertente salvo no sector setentrional onde superan os 150m de altitude. No Monte Branco, mirando cara á Enseada de Colludo, hai outro campo de dunas paraboloideas que tamén fosilizan a vertente até a cima. Sucesión de puntas rochosas con restos de plataforma entre as praias.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Toda a unidade componse dunha granodiorita biotítica tardihercínica, coñecida como de Tipo Traba. Gran parte da unidade encóntrase fosilizada por sedimentos cuaternarios de dunas e areais, ademais de praias de cantos e algúns depósitos máis antigos.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Réxime ombrotérmico Cálido e Húmido caracterizado por medias anuais de temperatura por riba de 14°C, oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C e precipitacións acumuladas ao longo do ano entre 1200mm e 1400mm a excepción da vertente oeste do Monte da Vela que recibe maior pluviosidade, rexistrando ata 1600mm, polo que define a variante Moi Húmida do dominio climático.

OS SOLOS

O predominio de afloramentos graníticos en superficie determina a existencia de solos moi pouco desenvolvidos na maior parte da unidade, sendo as tipoloxías máis frecuentes os leptosols líticos e os regosols. O amplo complexo sedimentario costeiro está formado por arenosols álbicos e háplicos, destacando ademais os leptosols arénicos do manto eólico do Monte Branco.


AS AUGAS

A proximidade da liña costeira ás cristas montañosas que bordean a Enseada do Trece limita en gran medida o volume de auga drenada pola rede fluvial, presentada en forma de dous pequenos arriolos en ambos os dous extremos, cara ao Cabo Veo e o Cabo Tosto, respectivamente. As Augas Costeiras ás que verten son as definidas polo código 20135.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertencente ao LIC Costa da Morte e IBA Costa da Morte. Nos cantís están os hábitats 1230 de cantís mariños atlánticos e o hábitat 1210 de refugallos mariños acumulados, en plataformas e praias de cantos e bloques. Enseada do Trece e ladeiras do Monte Branco dominadas polos hábitats de dunas, dos grupos 21, dunas marítimas das costas, e 22, co maior hábitat 2260, dunas con vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia de toda Galicia. Tamén o 2230 de dunas mediterráneas con céspedes de Malcolmietalia e o 2190, de depresións entre dunas húmidas. Afloramentos graníticos de cabecera cos hábitats do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica. Chaira e vertentes con hábitats de mato seco costeiro (4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos atlánticos costeiros de Erica vagans). Ladeiras e cimas con mato do 4030 e rochoso do 82. Hai citas dos taxons vulnerables protexidos *Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica*, *Chaetopogon fasciculatus* subsp. *prostratus* e *Rumex rupestris*.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Apréciase un uso forestal de monocultivo de piñeiros nas vertentes dos montes que pechan a unidade. A praia do Trece é un lugar extraordinario para visitar e gozar, o que confire á unidade un uso turístico e recreativo. O máis destacado en canto ás coberturas do solo desta unidade, é a gran extensión que ocupa o manto de dunas, ascendendo mesmo polas vertentes que rodean a praia do Trece, especialmente cara ao nordés nas ladeiras do Alto da Gurita. Unha liña de anchura variable, formada por matogueiras tipicamente costeiras, frea o avance das áreas cara ao interior, e no sur-sudeste da área, sepáraas das densas plantacións de piñeiros que poboan case exclusivamente o cordón montañoso que pecha a unidade. Entre este arboredo de repoboación aparecen pequenos claros con matogueira de substitución ou asociado a afloramentos rochosos.

MORFOLOXÍA

O arco formado pola Enseada do Trece caracteriza morfoloxicamente esta unidade. Trátase dunha ampla enseada, conformada á súa vez por saíntes rochosos e pequenas calas, que teñen por pano de fondo, as vertentes directas das montañas de Pena Forcada, situadas ao sur.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A unidade conta tan só cunha ampla pista, aínda que en malas condicións e sen pavimentar, que comunica paralela á costa, o núcleo de Santa Mariña e o Cabo Vilán. Nesta zona transcorre a media ladeira, presentando unhas excelentes condicións para a observación da paisaxe, e descende cara ao oeste, chegando ao momento de interese patrimonial do Cemiterio dos Ingleses. Esta vía experimentou unha crecente demanda nos últimos anos, xa que desde ela parten pequenas breas a través das cales é posible acceder ás praias.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Entre os elementos patrimoniais da unidade, resalta o Cemiterio dos Ingleses, situado ao noroeste entre o Petón do Boi e a Enseada Batel, no que recibiron sepultura os mariños ingleses naufragados en augas da Enseada do Trece en 1890. Outro dos elementos de interese cultural da zona sitúase no Alto da Gurita, no límite suroriental, tratándose dunha fortificación defensiva en ruínas.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A caracterización deste ambiente débese á predominancia dos factores naturais fronte aos elementos de textura derivados das actividades humanas. Así, o conxunto da Enseada do Trece preséntase como un tramo de costa virxe paradigmático dentro deste sector, mentres que a duna rampante, rubindo sobre os abruptos relevos costeiros, simboliza a supremacía e a confluencia dos fenómenos naturais, fronte aos que o ser humano parece pequeno, como lembra o referido Cemiterio dos Ingleses.

DINÁMICA DA PAISAXE


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Debido á súa gran beleza natural, a paisaxe conformada por complexos sedimentarios unidos é o principal valor da unidade. A unidade do Trece pertence, xunto con Santa Mariña e os Vales de Xaviña, ao Espazo de Interese Paisaxístico Monte da Vela. Trátase dun espazo recóndito que, polos seus caracteres xeomorfolóxicos e pola súa incidencia no imaxinario social como escenario da paisaxe litoral de Costa da Morte, recibe a visita de gran número de turistas atraídos polos seus valores naturais e paisaxísticos, destacando especialmente a ruta entre Santa Mariña e o Cabo Vilán polas extraordinarias panorámicas que ofrece. Ademais, esta zona foi incluída dentro da ZEPVN e LIC da Costa da Morte, e é protexida polas comunidades de aves que alberga (ZEPA). Á parte da mencionada ruta, establecéronse varios puntos de observación dentro da unidade, catro dos cales se sitúan nas cimas da fileira montañosa que orla a unidade. De oeste a este correspóndense cos lugares de Home do Corveiro, Petón da Santiña, Alto das Capelas e Alto da Gurita. Pero estimouse necesario establecer como punto didáctico desta tipoloxía de unidade, o Cemiterio dos Ingleses, debido a que ofrece unha perspectiva exemplizante, desde o mar cara ao interior, que explica no que consiste unha unidade C2, complexos sedimentarios remontantes.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



